

PROXECTO VERBAS

DESCRICIÓN

Trátase de desenvolver unha serie de actividades deseñadas grupalmente para persoas drogodependentes e/ou en situación de exclusión social ou desprotección, co propósito de favorecer a difusión de información relativa á VIH e Hepatite C.

FINALIDADE

A finalidade do proxecto é favorecer a transmisión de información actualizada sobre estas dúas enfermidades: dar a coñecer os novos tratamentos, os avances respecto á consecución da carga viral indefectible e seguir facendo fincapé nos métodos de prevención e nas prácticas de risco.

Deste xeito, pretendemos contribuír á consecución dos obxectivos de ONUSIDA para 2020 (90% da poboación diagnosticada, 90% da poboación en tratamento e 90% coa carga viral indefectible).

OBXECTIVO

Difundir unha adecuada e actualizada información sobre VIH e Hepatite, facendo fincapé no coñecemento dos novos tratamentos, na prevención e na diminución do estigma asociado a estas dúas enfermidades, e promover a realización de probas rápidas para a súa detección.

PERSOAS DESTINATARIAS

25/30 persoas drogodependentes e/ou en risco de exclusión social ou desprotección

ACTIVIDADES

- Accións formativas: Unha actividade formativa de VIH e outra de Hepatite dunha duración de 2 horas cada unha e realizadas nunha ou dúas sesións, dependendo do centro onde se imparten.
- Probas rápidas de detección de VIH e hepatite C. As persoas participantes terán a posibilidade de realizar as probas rápidas de detección de VIH e VHC, acompañadas de consello asistido e derivacións no caso de resultado positivo.

TEMPORALIZACIÓN

Data de inicio: 01/05/2022

Data de finalización: 31/10/2022

CONTÍA DA SUBVENCIÓN

1,235.41 €